

ESTATUTOS

I.- CUESTIÓN XERAIS

ARTIGO 1.- CONSTITUCIÓN

Coa denominación **ASOCIACIÓN CULTURAL TEITOS DE PALLA** constitúese unha ASOCIACION ó amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias.

A ASOCIACIÓN será sen ánimo de lucro e terá personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, sendo independente da Administración, dos Colexios Profesionais, de Centrais Sindicais e de partidos políticos. Rexirase por criterios democráticos sendo os seus representantes libremente elixido/as.

ARTIGO 2.- DOMICILIO

A ASOCIACIÓN terá o seu domicilio en: _____

A sede de A ASOCIACIÓN poderá variarse por acordo da Xunta Directiva, debendo ser comunicado dito cambio á Delegación Provincial de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

ARTIGO 3.- DURACIÓN E ÁMBITO TERRITORIAL

A ASOCIACIÓN constitúese por tempo indefinido, podendo disolverse polas causas establecidas nos presentes Estatutos.

A ASOCIACIÓN terá como ámbito territorial a MONTAÑA ORIENTAL GALEGA .

ARTIGO 4. FINS:

- a) Fomentar a conservación dos teitos de palla da montaña lucense
- b) Promover a conservación de elementos históricos, naturais, culturais, e patrimoniais representativos da paisaxe tradicional do rural
- c) Valorar e conservar o coñecemento do modo de vida tradicional da montaña e en especial dos coñecementos depositados nas persoas maiores, artesáns e veciños e veciñas en xeral
- d) Estudio e resolución de problemas comúns dos Asociados
- e) Realización e promoción de actividades sociais, culturais e recreativas para fomentar a cultura rural viva galega, e especificamente a desta zona de montaña
- f) Facilitar información e formación útiles para os seus Asociados e outras persoas ou entidades que traballen en prol da conservación da cultura da montaña luguesa
- g) Cantas outras actividades lícitas se engadan a través de acordos asamblearios.

II.- MEMBROS DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 5.- MEMBROS DA ASOCIACIÓN

Para adquirir a condición de socio requírese ser propietario/a ou representante de propietario/a dalgún elemento patrimonial teitado de palla, entendéndose por elemento patrimonial as construcións tales como pallozas, celeiros, hórreos, etc., de uso tradicional.

As persoas físicas deben ser maiores de idade ou menores emancipados con plena capacidade de obrar e non estar suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito.

ARTIGO 6.- SOLICITUDE DE INGRESO NA ASOCIACIÓN. LIBRO DE REXISTRO DE SOCIOS

Para formar parte de A ASOCIACIÓN será necesario que a persoa interesada o solicite ao Presidente da mesma.

A Xunta Directiva ratificará as admisións en función do cumprimento dos requisitos, dando conta de elo á Asemblea Xeral da ASOCIACIÓN na primeira Asemblea Ordinaria que se celebre tras a integración do novo membro.

Contra o acordo de admisión ou non admisión os interesados e socios poderán interpoñer recurso dirixido á Asemblea a través do/a Presidente/a e a Orde do Día.

A presentación da solicitude de admisión implica a aceptación expresa dos presentes Estatutos así como o acatamento de cantos acordos e decisións adopten os seus órganos de goberno.

O/A Secretario/a Xeral disporá do necesario para a existencia dun Libro Rexistro de Socios, Libro que poderá ser levado por calquera sistema de rexistro que permita ter constancia actualizada dos membros da ASOCIACIÓN e, no seu caso, obterse listados dos mesmos. A tales efectos o Libro Rexistro de Socios poderá ser levado mediante ferramentas informáticas.

ARTIGO 7º.- PERDA DA CONDICIÓN DE MEMBRO

Perderase a condición de asociado da ASOCIACIÓN polas seguintes causas:

- a) Por baixa a petición do interesado, mediante escrito dirixido ao Presidente con antelación de 15 días á data en que se pretenda que a baixa sexa efectiva.
- b) Por expulsión acordada pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva como consecuencia da infracción dos Estatutos, Regulamentos ou acordos validamente adoptados. Neste caso o Presidente informará previamente á persoa interesada sobre a intención de expulsión da Asociación, para que esta estime oportuno realizar alegacións. As alegacións poderán ser por escrito dirixido ao Presidente ou en persoa na asemblea na que se toma o acordo sobre a súa expulsión. A asemblea, en todo caso tomará a decisión despois de ter entendido a súa defensa ou postura. No caso de non presentar alegacións, entenderase conformidade coa xunta directiva, e a Asemblea só procederá á ratificación da expulsión.

O/a Presidente deberá dirixir posteriormente un escrito ás persoas expulsadas por acordo asambleario, con certificado sobre o acordo, informando igualmente da posibilidade de facer alegacións tralo acordo asambleario, e antes da vindeira assemblea. Na vindeira assemblea só se tratará de novo este tema no caso de ter recibido alegacións á expulsión.

- c) Por non estar ao corrente no pago das cotas ou derramas establecidas polos órganos de goberno da ASOCIACIÓN, polo mesmo procedemento que o marcado no parágrafo anterior.
- d) O/a propietario/a ou representante dun propietario/a de teitos de palla que deixe de selo, deberá comunicalo directamente á Asamblea Xeral, causando baixa inmediata na súa condición de socio.

En tódolos casos, o membro que cause baixa perderá calquera dereito que puidera corresponderlle no caso dunha hipotética disolución da ASOCIACIÓN e posterior liquidación do seu patrimonio. Non obstante o anterior, subsistirán as responsabilidades respecto das obrigacións contraídas ata a data da baixa.

ARTIGO 8º.- DEREITOS DOS MEMBROS DA ASOCIACIÓN

Son dereitos dos membros de A ASOCIACIÓN.

- a) Elixir e ser elixido/as para postos representativos e ostentar cargos directivos da ASOCIACIÓN.
- b) Participar nas reunións dos órganos de goberno dos que formen parte.
- c) Informar e ser informados das actuacións da ASOCIACIÓN, así como da súa situación económica. A tales efectos os membros da ASOCIACIÓN poderán acceder, no domicilio da mesma, á información precisa con carácter previo á celebración das reunións nas que esta información teña que ser debatida.
- d) Expresar libremente as súas opinións, formular propostas e peticións aos órganos de goberno da ASOCIACIÓN.
- e) Facer uso dos servizos de que dispoña a ASOCIACIÓN.
- f) Instar á ASOCIACIÓN para que exercite as accións oportunas para a defensa dos intereses cuxa representación ten encomendada.

ARTIGO 9º.- DEBERES DOS MEMBROS DA ASOCIACIÓN

Os membros da ASOCIACIÓN terán os seguintes deberes:

1. Elixir aos membros dos órganos de goberno que estatutariamente estean establecidos.
2. Desempeñar os cargos para os que foron elixido/as.
3. Actuar de conformidade coas leis e as normas estatutarias.
4. Cumprir os acordos validamente adoptados.
5. Satisfacer á ASOCIACIÓN as cotas que, no seu caso, establezan os órganos de goberno da mesma.
6. Respetar a libre manifestación de pareceres e non entorpecer directa ou indirectamente as actividades da ASOCIACIÓN.
7. Gardar o debido sigilo con relación á información da ASOCIACIÓN á que teñan acceso na súa condición de membro da ASOCIACIÓN ou dos seus órganos de goberno, e en especial con aquela información sobre socios e entidades integradas na ASOCIACIÓN.

O incumprimento dos seus deberes por parte dos membros da ASOCIACIÓN dará lugar ás sancións que determine a Asemblea Xeral.

III.- ÓRGANOS DE GOBERNO

ARTIGO 10º.- ÓRGANOS DE GOBERNO

Os Órganos de Goberno de A ASOCIACIÓN serán os seguintes:

- Asemblea Xeral
- Xunta Directiva
- Presidencia

O feito de pertencer aos órganos de goberno da ASOCIACIÓN, isto é, ostentar cargos directivos da ASOCIACIÓN, terá carácter gratuíto.

ARTIGO 11º.- ASAMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de goberno e decisión da ASOCIACIÓN e estará constituída pola totalidade dos seus membros.

Todo os membros da ASOCIACIÓN teñen dereito a asistir á Asemblea Xeral con voz e voto. Poderán asistir a persoa titular ou un representante xustificado documentalmente. No caso de no poder asistir directamente, poderá delegar por escrito para cada sesión en particular noutro membro da ASOCIACIÓN.

Poderase convidar a persoas externas á Asociación a asistir á Asemblea, con voz pero sen voto, co fin de aportar información útil para a Asociación e os seus fins.

ARTIGO 12º.- ATRIBUCIÓNS DA ASAMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral terá as seguintes atribucións específicas:

1. Acordar a aprobación e reforma dos Estatutos da Asociación.
2. Aprobar a Planificación de Actividades e Orzamentos Anuais da Asociación.
3. Aprobar gastos extraordinarios de contía igual ou superior aos 3.000,00 euros, que a Xunta Directiva propoña e que non estean incluídos no plan de actividades aprobado.
4. Aprobar a Memoria de Actividades e de Contas Anuais da Asociación.
5. Elixir aos membros da Xunta Directiva.
6. Acordar o número de vogais da Xunta Directiva da ASOCIACIÓN.
7. Coñecer a xestión da Xunta Directiva.
8. Aprobar as cotas propostas pola Xunta Directiva de carácter permanente ou ocasional.
9. Resolver os recursos que se formulen ante a Asemblea Xeral en propostas de expulsión de membros da ASOCIACIÓN.
10. Adoptar acordos sobre fusión ou asociación con outras organizacións.
11. Ratificar os acordos sobre incorporación a outras organizacións de ámbito superior adoptados pola Xunta Directiva.
12. Aprobar o Regulamento de Réxime Interior, en caso de decidir facelo, a proposta da Xunta Directiva.
13. Coñecer e decidir en todos aqueles asuntos que se sometan á súa consideración pola Xunta Directiva.
14. Acordar a disolución da ASOCIACIÓN.

ARTIGO 13º.- XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva é o órgano Colexiado e permanente de goberno, xestión, administración e dirección da ASOCIACIÓN.

Estará composta polos cargos de Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría Xeral, Tesourería-Contaduría e vogalías, en número que se determinará pola Asemblea Xeral.

Tódolos membros da Xunta Directiva que estean ao corrente no pago das súas cotas teñen dereito a asistir á Xunta, con voz e voto, por si mesmo ou por outro membro da Xunta provisto de mandato ou delegación por escrito con carácter especial para cada sesión.

ARTIGO 14º.- ATRIBUCIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Son atribucións da Xunta Directiva:

1. Designar, e no seu caso remover ao Presidente, Vicepresidente, Secretario Xeral e Tesoureiro/a-Contador de entre os membros da Xunta Directiva.
2. Dirixir as actividades da ASOCIACIÓN no marco das súas competencias e desenvolver os plans e programas de actividades fixados pola Asemblea Xeral.
3. Desenvolver outras actividades enmarcables nas liñas de traballo da Asociación, dando conta posterior das mesmas á Asemblea Xeral, mentres a contía de gasto da nova actividade non supere os 3.000 euros. Para gastos superiores aos 3.000 euros non incluídos no plan de actividades e orzamento anual, realizar a proposta para tomar un acordo ao respecto na Asemblea Xeral.
4. Formular peticións de subvencións, colaboracións, donativos ou outras fórmulas de financiamento lícitas e éticas se estime oportuno para dotar de fondos ás actividades previstas pola Asociación.
5. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
6. Propor á Asemblea Xeral as cotas ordinarias, as extraordinarias e as específicas.
7. Elaborar a Memoria Anual de Actividades e Memoria Anual de Contas para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.
8. Elaborar a proposta de Planificación de Actividades e Orzamentos para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.
9. Adoptar provisionalmente acordos sobre incorporación a outras organizacións de ámbito superior, que deberán ser ratificados pola Asemblea Xeral de A ASOCIACIÓN.

10. Acordar a constitución de comisións especializadas e comisións de traballo.
11. Aprobar as contratacións do persoal técnico e administrativo da ASOCIACIÓN, de ser o caso, así como de profesionais que presten servizos para a mesma.
12. Aceptar ou rexeitar as incorporacións de novos membros, dándose conta de tales acordos á Asemblea Xeral da ASOCIACIÓN.
13. Propor a suspensión dos seus dereitos ou acordar a baixa de membros da ASOCIACIÓN por incumprimento de acordos estatutarios. O acordo adoptado ao respecto terá carácter provisional e se haberá de dar conta do mesmo á Asemblea Xeral Ordinaria, que ratificará dito acordo ou o revocará de forma motivada.
14. Outorgar poderes a persoas concretas sobre as competencias da Xunta Directiva.
15. Outras que a Asemblea Xeral lle delegue.

ARTIGO 15º.- PRESIDENCIA

O/A Presidente/a da ASOCIACIÓN ostentará a representación da mesma e o será da ASOCIACIÓN e dos seus órganos de goberno: a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

O/A Presidente/a da ASOCIACIÓN será elixido/a pola Xunta Directiva e posteriormente ratificado pola Asemblea Xeral, na mesma asemblea en que se produce a elección ou renovación da xunta directiva ou do seu cargo.

ARTIGO 16º.- ATRIBUCIÓN DO PRESIDENTE

Son atribucións do/a Presidente/a:

1. Representar á ASOCIACIÓN ante calquer entidade ou persoa e realizar no seu nome as actuacións acordadas en Xunta Directiva ou na Asemblea Xeral.
2. Realizar cantos actos de xestión sexan necesarios para o correcto funcionamento da ASOCIACIÓN.
3. Convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral e Xunta Directiva, coordinando os debates e vixiando o cumprimento dos acordos adoptados.
4. Cumprir e facer cumprir os Estatutos e Regulamentos de Réxime Interior da ASOCIACIÓN.
5. Ter ao seu cargo e dispor, conxuntamente co Tesoureiro/a-Contador, dos fondos da ASOCIACIÓN.

6. O/A Presidente/a poderá delegar temporalmente a realización de xestións concretas en calquera dos membros da Xunta Directiva.
7. Calquera función que a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral lle deleguen.

ARTIGO 17º.- OUTROS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA

A maiores do/a Presidente/a de A ASOCIACIÓN, a Xunta Directiva estará composta por Secretario Xeral, un Tesoureiro/a-Contador e o número de vogalías que acorde a Asemblea Xeral da ASOCIACIÓN.

17.1.- Secretario Xeral:

O/A Secretario/a Xeral da Xunta Directiva, que o será tamén da ASOCIACIÓN e da Asemblea Xeral da mesma, será designado e removido pola Xunta Directiva de entre os membros da mesma, elixido/as conforme ao disposto en materia de réxime electoral.

O/A Secretario/a Xeral será responsable dos libros e documentos da ASOCIACIÓN e terá como tal as seguintes funcións:

- a) Actuar como/a Secretario/a nas reunións da Asemblea Xeral e Xunta Directiva, levantando Acta das mesmas que autorizará coa súa firma e o VºBº do/a Presidente/a.
- b) Colaborar directamente coa Presidencia da ASOCIACIÓN e asesorala nos casos en que fora requirido para elo.
- c) Velar polo cumprimento da legalidade nos acordos a adoptar pola ASOCIACIÓN ou o órgano de que se trate.
- d) Expedir copias e certificados, co Vº Bº do/a Presidente/a, con referencia ás Actas, documentos ou libros a el/ela confiados.
- e) Terá ao seu cargo e será responsable dos libros e documentos da ASOCIACIÓN que se lle encomenden, que deberá levar na forma en que se dispón nos presentes Estatutos.
- f) Outras accións que lle sexan delegadas polos órganos de goberno.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade do/a Secretario/a Xeral será substituído pola persoa que designe a Xunta Directiva.

17.2.- Tesoureiro/a/a-Contador/a:

O/A Tesoureiro/a/a-Contador/a da Xunta Directiva, que o será tamén da ASOCIACIÓN, será designado e removido pola Xunta Directiva entre os seus membros.

O/A Tesoureiro/a/a-Contador disporá dos fondos da ASOCIACIÓN e dará ordes de pago dos gastos acordados previamente pola Asamblea ou a Xunta Directiva, conxuntamente co Presidente, coidará da conservación dos fondos e supervisará as contas da ASOCIACIÓN.

IV.- RÉXIME DE REUNIÓNS E DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

ARTIGO 18º.- PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

18.1.- Asamblea Xeral:

A Asamblea Xeral reunirse con carácter ordinario **polo menos unha vez ao ano**.

Neste caso a Orde do Día será a aprobada pola Xunta Directiva a proposta do/a Presidente/a.

A Asamblea Xeral reunirse con carácter extraordinario nos seguintes supostos:

- Cando o decida o Presidente por propia iniciativa ou a instancia da Xunta Directiva.
- Cando así o acorde a Xunta Directiva.
- Cando así o soliciten por escrito e de forma motivada **polo menos un terzo dos membros** da Asamblea Xeral.

Nestes casos a Orde do Día será acordada, respectivamente, polo Presidente, pola Xunta Directiva ou polos solicitantes da reunión para o primeiro, segundo e terceiro suposto.

18.2.- Xunta Directiva:

A Xunta Directiva reunirase con carácter ordinario **cando así se precise en función do ritmo de actividades e necesidades de acordos, e sempre alomenos unha vez ao semestre.**

Neste caso a Orde do Día será acordada polo Presidente.

A Xunta Directiva reunirase con carácter extraordinario nos seguintes supostos:

- Cando así o decida o Presidente.
- **Cando así o solicite por escrito e de forma motivada calquera membro da Xunta Directiva.**

Nestes casos a Orde do Día será acordada, respectivamente, polo Presidente ou polos solicitantes da reunión para o primeiro e segundo supostos.

No caso de ter que tomar decisións de carácter urxente, que non poidan agardar á próxima reunión de Xunta Directiva convocada de forma ordinaria, o/a Presidente/a poderá consultar á Xunta Directiva por vía telefónica ou correo electrónico persoal a tódolos demais membros da mesma. O/A Presidente/a poderá executar a decisión e representar A ASOCIACIÓN ao respecto da mesma ante terceiros. Dito acordo quedará reflexado e ratificado na próxima reunión presencial da Xunta Directiva.

ARTIGO 19º.- CONVOCATORIA DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

19.1.- Asinante da convocatoria:

Con carácter xeral a convocatoria dos órganos de goberno da ASOCIACIÓN faraa o Presidente, podendo asinar a convocatoria, en nome deste, o/a Secretario/a Xeral de A ASOCIACIÓN cando así llo encomende o Presidente.

Naqueles supostos nos que proceda, de conformidade co disposto no Artigo anterior, a convocatoria dun órgano de goberno sen que o Presidente da ASOCIACIÓN proceda á mesma, o/a Secretario/a Xeral poderá realizar a convocatoria facendo constar na mesma tal circunstancia, elo en pro do cumprimento do regulado nos presentes Estatutos. Neste caso o/a Secretario/a Xeral convocará en nome propio.

19.2.- Forma da convocatoria:

En canto á forma de realizar a convocatoria, esta haberá de ser por escrito, que poderá ser remitido por correo ordinario, fax ou correo electrónico,

segundo os datos dados polos socios como forma de contacto para as convocatorias.

19.3.- Contido da convocatoria:

En canto ao contido da convocatoria, esta sinalará precisamente o lugar, día e hora da reunión, sinalándose tamén se terá lugar a reunión en convocatoria única ou en primeira e segunda convocatoria, en cuxo caso deberá mediar unha diferenza horaria de alomenos vinte minutos entre unha e outra.

Así mesmo a convocatoria deberá incluír a Orde do Día ou relación de asuntos a tratar na reunión para a que se convoca. Necesariamente na Orde do Día haberá de figurar un punto relativo a "Rogos e Preguntas".

19.4.- Antelación na convocatoria:

a) Asemblea Xeral:

A Asemblea Xeral deberá ser convocada con polo menos **10 días de antelación** á data en que a reunión teña lugar.

b) Xunta Directiva:

A Xunta Directiva deberá ser convocada con polo menos **5 días de antelación** á data en que a reunión terá lugar.

ARTIGO 20º.- DESENVOLVEMENTO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

As reunións dos órganos de goberno da ASOCIACIÓN entenderanse con suficiente quórum en todo caso cando estean presentes a metade máis un dos seus membros.

En caso de convocar a primeira e a segunda convocatoria, nesta última entenderase que existe quórum suficiente calquera que fora o número de asistentes.

As reunións dos órganos de goberno da ASOCIACIÓN iniciaranse relacionando os asistentes e deixando constancia, se é o caso, das ausencias excusadas e delegacións se houbera lugar a elo.

A continuación procederase, salvo o caso de reunións extraordinarias, á lectura da Acta da reunión anterior do mesmo órgano.

Acto seguido trataranse os puntos da Orde do Día pola súa orde.

O/A Presidente/a, ou persoa que o substitúa, coidará da orde dos debates e de facilitar a participación de todos/as aqueles que queiran intervir.

Debatido un tema, someterase a votación, que con carácter xeral será a man alzada ou viva voz **salvo que calquera persoa con dereito a voto solicite a votación secreta.**

ARTIGO 21º.- ADOPCIÓN DE ACORDOS

Salvo os casos nos que as leis ou os presentes Estatutos esixan unha maioría especial ou cualificada, os acordos adoptaranse por **maioría simple, entendéndose por tal a metade máis 1 dos/as asistentes. No caso de modificación dos Estatutos, será preciso obter alomenos o voto favorable de dous terzos dos asistentes.**

Os empates dirimiranse a favor do voto emitido polo Presidente da ASOCIACIÓN, que terá a consideración de **voto de calidade unicamente nos supostos de empate.**

ARTIGO 22º.- ACTAS DAS REUNIÓN S DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

O/A Secretario/a Xeral, ou persoa que ou substitúa, levantará Acta das reunións que se celebren, deixándose constancia de:

- O lugar, data e hora da reunión.
- Se esta se celebra en convocatoria única ou en primeira ou segunda convocatoria.
- Número de asistentes e, no seu caso, ausencias excusadas.
- Relación de delegacións, se é o caso.
- Asistencia do/a Presidente/a, e en caso de ausencia, persoa que actúa como tal e delegación que posibilita tal intervención.
- Asistencia do/a Secretario/a Xeral, e en caso de ausencia, persoa que actúa como tal e designación ao respecto pola Xunta Directiva.
- Temas debatidos conforme á Orde do Día, informes e intervencións relevantes que se produciran.
- Acordos adoptados.

Calquera dos membros dos órganos de goberno terá dereito a facer constar a súa intervención na Acta, aínda despois de celebrada a votación.

A Acta non recollerá os nomes dos votantes, limitándose a facer constar os resultados numéricos das votacións que tiveran lugar, salvo que algún votante queira salvar expresamente o seu voto, en cuxo caso o sinalará e se recollerá en Acta.

En canto á aprobación das Actas, con carácter xeral as correspondentes a reunións ordinarias aprobaranse polo órgano ao que correspondan na seguinte reunión ordinaria que se celebre, a cuxos efectos incluírase un primeiro punto na Orde do Día relativo á lectura e aprobación da Acta da reunión anterior, podendo os asistentes á reunión á que corresponda a Acta aprobar e formular as alegacións ou salvedades que estimen oportunas.

As Actas relativas ás reunións extraordinarias dos órganos de goberno serán aprobadas por estes na seguinte reunión ordinaria que se celebre, tratándose no punto 1º da Orde do Día en tales casos a lectura e aprobación da Acta correspondente á anterior ordinaria e á correspondente á extraordinaria. En tales casos farase constar na convocatoria na Orde do Día.

En caso de que sexa precisa a aprobación urxente dunha Acta correspondente a unha reunión extraordinaria (por ter que presentala ante un organismo público, entidade financeira, emitir certificacións con relación a acordos adoptados en tal reunión, etc.) o Presidente poderá incluír a súa lectura e aprobación como punto a tratar no Orde do Día da reunión extraordinaria do mesmo órgano que se celebre.

Deixarase constancia da aprobación das Actas por medio da firma do/a Secretario/a Xeral co Visto Bó do/a Presidente/a da ASOCIACIÓN.

O/A Secretario/a Xeral disporá o necesario para a existencia dun Libro de Actas para cada órgano colexiado de goberno de A ASOCIACIÓN que poderá ser levado por calquera sistema de rexistro que permita ter constancia das Actas aprobadas. Prevese expresamente que os Libros de Actas poidan consistir en carpetas de follas intercambiáveis sempre e cando as Actas estean debidamente numeradas.

ARTIGO 23º.- DELEGACIÓN DE VOTO

Prevese expresamente a posibilidade de que calquera membro dun órgano de goberno delegue expresamente e con carácter especial para cada reunión noutro membro do mesmo órgano a súa representación.

No escrito de delegación farase constar a identidade do membro delegante, o membro a favor de quen delega e, en caso de que a delegación se outorgue unicamente para un ou varios dos puntos da Orde do Día, expresión dos mesmos. En caso contrario entenderase que se outorga delegación para a totalidade dos asuntos a tratar. Consignarase a data de outorgamento da delegación e firmarase en orixinal.

V.- RÉXIME ELECTORAL

ARTIGO 24º.- PROPOSTAS E SELECCIÓN DE XUNTA DIRECTIVA E CARGOS PERSOAIS.

A renovación da Xunta Directiva e dos cargos persoais da mesma realizarase en reunión de Asamblea Xeral con mención expresa a este punto na orde do día, nos termos xerais de convocatoria da Asamblea Xeral.

As persoas socias da Asociación poderán presentarse como candidatos/as a formar parte da Xunta Directiva por comunicación ao/á Presidente con anterioridade á celebración da Asamblea Xeral, ou ben por exposición aberta na mesma Asamblea Xeral.

Na reunión da Asamblea xeral, recontarase o número de persoas candidatas, e establecerase un número de persoas para constituir a Xunta Directiva, tras un debate aberto que compare o número de candidatos/as e o número que se considere idóneo para constituir a xunta directiva.

No caso que o número de persoas candidatas sexa igual ou inferior ao número desexado de membros da xunta directiva, procederase a unha votación de aprobación do conxunto da xunta directiva proposta.

No caso que o número de persoas candidatas supere ao número desexado de membros da xunta directiva, procederase á votación para selección dos membros da xunta directiva a nivel persoal, do seguinte xeito: cada persoa votará a tres persoas para formar parte da directiva, escrito nun papel en secreto. Unha persoa poderá votarse a si mesma. Posteriormente recontarase o número de votos totais, e serán escollidas as persoas que obteñan máis votación. A Asamblea votará pola ratificación da composición final resultante.

A continuación a Xunta Directiva recién electa, procederá a unha curta deliberación secreta, nun lugar retirado da presenza da Asemblea Xeral, e decidirá o nombramento das persoas que ostenten os cargos de Presidencia, Secretaría e Tesourería-Contaduría.

Seguidamente procederá a comunicalo á Asemblea Xeral, someténdose a aprobación por aclamación por parte da mesma.

Nas Asambleas de elección de cargos, procederase á redacción definitiva da Acta ao finalizar a reunión, someténdose a mesma á aprobación e sinatura da totalidade dos asistentes.

Actuará como Secretario/a nesta sesión a persoa que ostente o cargo de Secretaría Xeral ou en quen estea delegado de forma escrita, ou no caso da asemblea constituínte ou nos casos de falta de asistencia da Secretaría sen delegación, a persoa que se acorde polo plenario da Asemblea.

ARTIGO 25º.- CESE DE CARGOS DIRECTIVOS

Os cargos directivos de A ASOCIACIÓN cesarán:

- a) A petición propia, mediante escrito dirixido ao Presidente da ASOCIACIÓN, salvo que o cese afecte a este último, en cuxo caso o escrito dirixirase ao/a Secretario/a da ASOCIACIÓN.
- b) En caso de cargos directivos que sexan membros da Asemblea Xeral da ASOCIACIÓN en representación de persoas xurídicas ou equivalentes, por cesar o cargo directivo como representante do membro da ASOCIACIÓN.
- c) Por acordo da Asemblea Xeral en reunión convocada ao efecto.
- d) Por terminación do mandato. A totalidade dos cargos directivos da ASOCIACIÓN, neste suposto de cese, seguirán actuando como tales en funcións mentres non se proceda á elección de novos cargos directivos.

A cobertura de vacantes polas causas anteriores acordarase pola Asemblea Xeral, garantíndose que todos aqueles membros da ASOCIACIÓN que reúnan os requisitos para ser elixibles poidan concorrer á cobertura da vacante, seguíndose ao efecto as regras xerais do réxime electoral.

VI.- RÉXIME ECONÓMICO DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 26º.- RECURSOS FINANCIEROS DA ASOCIACIÓN

Os recursos financeiros da ASOCIACIÓN estarán integrados por:

- a) As cotas de ingreso, cotas ordinarias e as derramas ou cotas extraordinarias.
- b) As donacións, subvencións e legados a favor da ASOCIACIÓN.
- c) Os froitos naturais e civís do seu patrimonio.
- d) As indemnizacións pecuniarias que obtivera.
- e) Calquera outro autorizado pola Lei, por estes Estatutos ou polo Regulamento de Réxime Interior.

ARTIGO 27º.- ADMINISTRACIÓN DOS RECURSOS

Os recursos da ASOCIACIÓN serán administrados de conformidade cos presentes Estatutos e destinados ao cumprimento dos fins da mesma.

VII.- REFORMA DE ESTATUTOS

ARTIGO 28º.- REFORMA DE ESTATUTOS

A Asemblea Xeral é o único órgano con potestade para modificar os Estatutos.

A modificación dos Estatutos da ASOCIACIÓN poderá ser proposta á Asemblea Xeral pola Xunta Directiva **ou por un número de membros da Asemblea superior á terceira parte da mesma.**

A convocatoria de Asemblea na que se trate da reforma de Estatutos irá acompañada da información sobre os puntos que se pretende reformar.

A Asemblea poderá acordar a modificación dos Estatutos da ASOCIACIÓN **cun mínimo de dúas terceiras partes dos votos validamente emitidos na reunión.**

VIII.- DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 29º.- DISOLUCIÓN A ASOCIACIÓN

A Asemblea Xeral é o órgano competente para acordar a disolución da ASOCIACIÓN.

A proposta de disolución poderá facela **a Xunta Directiva ou a metade dos membros que compoñan a Asemblea**, e para acordala será necesario o voto favorable das tres cuartas partes dos membros da mesma.

En caso de disolución, a Xunta Directiva constituirase en Comisión Liquidadora, que procederá ao cumprimento das obrigas pendentes, aplicando o excedente ou cubrindo o déficit, na forma que se acordara na Asemblea Xeral.

En último caso, os excedentes patrimoniais que queden tralas liquidacións de obrigacións pendentes, distribuiranse a outras entidades sen ánimo de lucro ou proxectos de interese social. Nunca se procederá ao reparto entre os integrantes da ASOCIACIÓN

IX.- REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR

ARTIGO 30º.- REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR

Todos os puntos para os cales non exista nada previsto de forma expresa nos presentes Estatutos poderán ser establecidos pola Asemblea da ASOCIACIÓN no Regulamento de Réxime Interior, que será proposto pola Xunta Directiva.

Dito Regulamento non poderá conter ningunha estipulación que estea en contradición cos presentes Estatutos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non esté previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias

